

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DO SOBRE C) QUE CONTÉN AS OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS Ó PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DOS ESPAZOS XUVENIS DO CONCELLO DE LUGO (SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO, COORDINACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO CENTRO MUNICIPAL CASA DA XUVENTUDE E CASA DA MÚSICA). -----

Sendo as 13:45 horas do día 29 de novembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Carmen Basadre Concelleira Delegada da Área Servizos Sociais, don Angel Trabada, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Esther Muñoz Mella polo Grupo Municipal do Partido Socialista, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, don Luis Casais pola Asesoría Xurídica, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz xefe do Servizo de Contratación.

Atópase presente no acto don Ignacio Crecente, en representación da mercantil ALENTI e don Roberto Edaira Miragalla en representación da mercantil EULEN.

Abre a sesión a Sra. Presidenta, dando lectura o informe técnico emitido polo departamento de Xuventude de data 22 de novembro, sobre as melloras presentadas do seguinte teor literal:

“En relación as propostas de melloras presentadas no procedemento convocado para a contratación dos espazos públicos xuvenís do Concello de Lugo (Servizos de atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades no Centro Municipal Casa da Xuventude e Casa da Música) polas mercantís EULEN, S.A e ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L, informase o seguinte:

As melloras presentadas polas dúas consisten nunha revista de periodicidade trimestral, sendo as dúas propostas moi similares.

Valoramos que a empresa ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS propón unha revista de 16 páxinas fronte as 12 páxinas da que propón EULEN S.A o que supón un incremento dos contidos de información de cada revista.

Por esta razón establececese a seguinte puntuación:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Ref: 12ESPAZOS XUVENIS C)

Asunto:

ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS	10
EULEN S.A	8

A continuación procédese á apertura do sobre C) que contén as ofertas económicas co seguinte resultado:

1.- EULEN S.A, propón os seguintes prezos:

POLA DINAMIZACIÓN DE ESPAZOS XUVENIS: 41.884,32 euros anuais máis o 10% de IVE (4.188,43 euros) sendo un total de **46.072,76** euros IVE incluído.

POR HORAS DE MONITORADO: 11,58 euros prezo/hora mais o 10% de IVE (1,16 euros) sendo un total de **12,74 euros**/hora monitor IVE incluído.

Oferta así mesmo as seguintes horas gratuítas de monitores: 50 horas anuais.

2.- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L propón os seguintes prezos:

POLA DINAMIZACIÓN DE ESPAZOS XUVENIS: 41.130 euros anuais máis o 10% de IVE (4.113 euros) sendo un total de **45.243** euros IVE incluído.

POR HORAS DE MONITORADO: 11,30 euros prezo/hora monitor máis o 10% de IVE (1,13 euros) sendo un total de **12,43** euros/hora monitor IVE incluído.

Oferta así mesmo as seguintes horas gratuítas de monitores: 105 horas anuais.

3.- A BILLARDA S.L, propón os seguintes prezos:

POLA DINAMIZACIÓN DE ESPAZOS XUVENIS: 43.500 euros anuais máis o 10% de IVE (4.350 euros) sendo un total de **47.850** euros IVE incluído.

POR HORAS DE MONITORADO: 11,64 euros prezo/hora monitor máis o 10% de IVE (1.16 euros) sendo un total de **12,80** euros/hora monitor IVE incluído.

Así mesmo oferta as seguintes horas gratuítas de monitores: 10 horas anuais.

4.-ESPROADE S.L SERVICIOS INTEGRADOS, propón os seguintes prezos:

POLA DINAMIZACIÓN DE ESPAZOS XUVENIS: 43.795,89 euros anuais máis o 10% de IVE (4.379,59 euros) sendo un total de **48.175,48** euros IVE incluído.

POR HORAS DE MONITORADO: 11,54 euros prezo/hora monitor máis o 10% de IVE (1.15 euros) sendo un total de **12,69** euros/hora monitor IVE incluído.

Así mesmo oferta as seguintes horas gratúitas de monitores: 20 horas anuais.

A continuación procedeuse a elaborar o seguinte cadro de puntuacións finais, tendo en conta os criterios de adxudicación sinalados no prego de condicións:

EMPRESAS	MELLORAS	PREZO DINAMIZACION	PREZO HORA	HORAS GRATUITAS	PUNTUACION TOTAL
EULEN	8	37,44	1,95	9,52	56,91
ALENTI	10	50	10	20	90
A BILLARDA	0	10,53	0,30	1,90	12,82
ESPROADE	0	5,61	3,25	3,81	12,67

Á vista do cal, os membros da Mesa de Contratación acordan seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola mercantil **ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.** por ter acadado a puntuación máxima nos catro criterios de adxudicación recollidos no prego de condicións

Así mesmo acordan requirir á sinalada mercantil para que aporte como trámite previo a efectuar a correspondente adxudicación unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, certificado de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria, Seguridade Social e xustificante de atoparse de alta no IAE.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 14:30 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA

Asdo.:  Sonia Méndez García

O SECRETARIO


Asdo.: Manuel Louzao Aldariz

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions and activities. This is essential for ensuring transparency and accountability in the organization's operations.

2.

3.